

EXPERIENCIAS DIDÁCTICAS**BREVES RESEÑAS SOBRE A ACTIVIDADE DO
XIII CONGRESO DE ENCIGA**

FACAL DÍAZ, José Manuel
FIDALGO FERNÁNDEZ, Jesús
Coordenadores do XIII Congreso

**LUGAR E DATAS DE
CELEBRACIÓN**

**I.E.S. Campo de San
Alberto de Noia**

**23, 24 e 25 de
novembro do 2000**

NIVELES:

E.S.O., Ensino Secunda-
rio e Universidade.

PARTICIPANTES:

Profesores inscritos: 410

Profesores asistentes: 349

Profesores relatores: 67

Conferenciantes: 3

Obradoiros: 6

Mesa Redonda: 1

VALORACIÓN DA ACTIVIDADE

Cando xa pasaron uns meses dende a celebración do XIII Congreso de ENCIGA e xa pronto fará un ano dende que a Directiva nos propuxo que organizasemos o Congreso, unha pregunta aínda queda no aire: ¿Qué tería ocorrido se en Maio de 2000 dixeramos NON organizamo-lo congreso?

Para dar, agora, unha resposta pausable a esta pregunta, conviría comen-
zar facendo unha reorganización da devandita pregunta: ¿Qué non tería ocu-
rrido de ter desestimado a organización do Congreso?

O que sucedería e que teríamos perdido a inmejorable oportunidade de colaborar, aínda que en pequena medida, na inmensa tarefa que supón o labor que ano tras ano leva realizando ENCIGA na procura de mellora-la comuni-
cación e contactos entre o profesorado de Ciencias.

Pode que a resposta soe cun exceso de ampulosidade, pero as palabras son aínda ben escasas para subliña-lo que supón o inmenso esforzo de, ano tras ano, tentar de buscar vínculos de cooperación entre o profesorado das diferentes áreas de Ciencias, Matemáticas e Tecnoloxía.

Para evitar caer nun xeneralismo excesivo, imos pormenoriza-los asuntos que para nós resultaron máis salientables do XIII Congreso.

1. Cremos que as conferencias plenarias cubriron plenamente os obxectivos inicialmente marcados de interconecta-la Ciencia Pura coa Ciencia Aplicada, en tódolos campos tratados: Matemáticas, Química e Bioloxía. Tampouco quedaron á marxe da polémica, en especial a conferencia de Agricultura Tranxénica, que tocaba dun xeito retador e controvertido a utilización da Enxeñería Xenética na Agricultura.
2. Aínda, que como organizadores, non tivemos-la ocasión de asistir a tódalas ponencias e obradoiros, compre salienta-lo éxito que tiveron os obradoiros de papiroflexia, a maxia da Química, e os obradoiros do grupo APQUA. Tamén cabe subliña-las ponencias de Estudio das Fontes de Santiago, Relatividade, Ciencias en Bilingüe, Premios e Ponencias Matemáticos, Modelización de Fenómenos Ondulatorios, Proxecto Globe e un longo etcétera que nos levaría moito espacio citar. Desde aquí pedimos desculpas anticipadas por esquecernos deles.
3. Tamén quedamos moi satisfeitos da participación realizada en forma de carteis, pósters e exposicións.
4. Quixeramos salienta-la asistencia de profesores de diversos países da Comunidade Económica Europea, aspecto este que cumpriría potenciar para ocasións vindeiras..
5. De xeito fundamental, é destacable o impulso económico que supuxo na comarca de Noia, segundo a Federación Comarcal e os propios hosteleiros.
6. E tamén temos unha lamentación: o mal tempo que impediu que se poidera disfrutar axeitadamente de tódalas Visitas Didácticas planeadas.
7. Finalmente, queremos que sepades que tódolos participantes, forades ponentes ou non, contades co noso agradecemento por colaborar no desenvolvemento do Congreso.

Respecto do Centro Educativo, quixeramos salienta tamén a boa disposición da Dirección para a realización deste Congreso, máxime tendo en conta que o Comité Organizador era pouco numeroso e traballou case sen apoios.

Finalmente, pensamos que esta é unha actividade moi interesante cara a conseguir a difusión que, segundo o Comité Organizador, merece o aspecto científico-tecnolóxico, unha difusión que se ve mermada de ano en ano polo suposto moito maior interese que teñen as humanidades, criterio que o Comité Organizador non comparte.

Como podedes comprobar sería imperdoable que tiberamos deixado pasa-la oportunidade de colaborar na organización do XIII Congreso de ENCIGA.

BALANCE ECONÓMICO DO XIII CONGRESO

GASTOS	2.530.892 Pta
INGRESOS	1.813.300 Pta
COSTE XIII CONGRESO	717.892 Pta